

ACTA XUNTA DIRECTIVA GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “AVINZA GDR 15” O DÍA 14 DE MARZO DE 2013

Asisten:

PRESIDENTE

D. Francisco García Suárez

VICEPRESIDENTE 3º

Da. Yolanda Quintas Salgado

VICEPRESIDENTE 4º

D. Manuel García González

SECRETARIO

D. Francisco Xabier Oviedo Rodríguez

VICESECRETARIA

Da. Rosa María Pereira Vázquez

TESOUREIRO

D José Manuel Fernández Gómez

VOGAIS

Da. María Teresa Barge Bello

D. Xoán Xosé Jardón Pedras

D. Francisco Javier Nogueiras Quintas
en representación de **D. José Luis**
Gavilanes Losada

D. David Pereira Vázquez

Da. Mª Ángeles Gil Selas

Da. Mª Carmen Pérez Selas

D. Dositeo Fernández Fernández

D. José Benito Grande Rodríguez

No Salón de Actos do Centro de Promoción Económica de Allariz, sito na rúa Portelo 4, cando son as 17:15 horas do día 14 de marzo de 2013, previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. Francisco García Suárez, constituídos *en Xunta Directiva* a fin de celebrar unha sesión ordinaria da Asociación AVINZA GDR 15, para tratar os asuntos que a continuación se detallan como orde do día.

Ao comezo da reunión fáiselles entrega a todos os asistentes dun informe dos temas a tratar, adxunto a esta acta.

ORDE DO DÍA

Comeza a reunión cando son as 17:15. Toma a palabra o presidente para facer referencia á acta da sesión anterior, enviada aos membros da xunta coa convocatoria desta reunión.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, non habendo nada que resinar.

2. Anualidade 2012.

a) Memoria de actividades 2012.

O presidente cede a palabra á xerente para que comente a pequena memoria de actividades do grupo no ano 2012. Faise un pequeno repaso polos eventos e convocatorias

máis destacados do ano anterior. Xuntas e reunións, colaboracións con outras institucións, publicacións e promoción, cursos, conferencias, etc. (Adxunta a esta acta memoria 2012)

a) Aprobación, se procede, das contas 2012.

A xerente é tamén a que presenta e comenta pormenorizadamente as contas que a continuación se detallan, non habendo ningunha cuestión, apróbanse por unanimidade.

Asociación Avinza GDR 15

Informe de gastos de funcionamento 2012

Anualidade 2012

Gastos

	AVINZA GDR 15	FOGGA	AMBI-EMPLÉATE	JÓVENES RURALES	PLATA-FORMA	CAMPAMENTO R. B.
Persoal (Nóminas, seguros, IRPF)		50.098,69 €	6.528,97 €		2.573,31 €	
Dietas e Axudas de custo		967,53 €	97,61 €	410,44 €	496,43 €	
Suministros e material de oficina		309,69 €				
Outros gastos(gastos sede, correos, seguros)		13.041,28 €	737,72 €			
Campamento RB						3.221,41 €
Gastos bancarios	663,54€					
	663,54 €	64.417,19 €	7.364,30 €	410,44 €	3.069,74 €	3.221,41 €

TOTAL GASTOS

79.146,62 €

Ingresos

	AVINZA GDR 15	FOGGA	AMBI-EMPLÉATE	JÓVENES RURALES	PLATAFORMA	CAMPAMENTO Reserva da Biosfera
€	-	64.417,19 €	7.271,01 €	410,44 €	3.069,74 €	3.500,00 €

TOTAL INGRESOS

78.668,38 €

Balance

-478,24 €

Saldos a 31/12/2012

Banesto Crédito Agrobanesto Financiación	-29.893,91 €
Banesto Conta Corrente	21.561,23 €
Caixa Grupo (efectivo)	75,25 €

b) Pagamento dos proxectos certificados en 2012.

Eva González comenta o cadro informativo de proxectos certificados durante o ano 2012 e o cadro de orzamento que se leva empregado en proxectos así como o previsto para o vindeiro ano. Un dos proxectos merece especial atención por parte da xerente que, despois de facer un percorrido xeral, se detén en “Pequeno taller de reciclaxes industriais” que ten como promotor a Balseiro, no concello da Bola.

A xerente aclara que é o único proxecto certificado, pero sen pagar, pois non conseguiu a tempo o PERMISO DE XESTORES DE RESIDUOS, permiso, sen o cal, non se pode comezar a actividade. Indica que se fixeron as xestións pertinentes perante AGADER e incluso perante a Consellería á que corresponde o expediente para intentar axilizar o proceso e que o proxecto puidera ser abonado, pero non se acadou resposta positiva. Intervén a alcaldesa da Bola para agradecer á xerente as súas xestións e declarar que é inxusto que dentro dunha mesma consellería non se axilicen os prazos cando un proxecto está certificado, máis no momento económico no que estamos.

2. PROXECTOS

a) Aprobación, se procede, de cambios de orzamento entre medidas (proxectos produtivos e gastos de funcionamento).

O presidente indica que neste punto o que se vai tratar é un cambio de orzamento entre as medidas 411, 412 e 413, atendendo á demanda dos proxectos que están en procedemento para o ano 2013. Recorda que o pasado ano tamén se fixera un cambio deste tipo para repartir os fondos na medida na que máis demanda había. Francisco García indica que hai un proxecto de moito peso económico como é o da SAT PROCEVISA que fai que a demanda de orzamento da medida 4.1.1 requira máis orzamento. Non habendo ningunha obxección apróbese por unanimidade este cambio orzamentario.

	Orzamento aprobado 2013	PROPOSTA ORZAMENTO	CAMBIOS
MEDIDA 4.1.1.Sector Agrario e forestal	100.332,97 €	178.982,34 €	+ 78.649,37 €
MEDIDA 4.1.2. Mellora do contorno rural	20.066,59 €	20.066,59 €	
MEDIDA 4.1.3. Diversificación da economía rural			
PRODUTIVOS	200.665,93 €	170.665,93 €	-30.000,00€
NON PRODUTIVOS	80.266,37 €	31.617,00 €	-48.649,37€

Toma a palabra a xerente de novo para explicar outro novo cambio orzamentario, neste caso entre as medidas de funcionamento e promoción de Avinza GDR 15. Explica que este ano, unha vez rematado o proxecto de cooperación AMBI-EMPLÉate, os fondos adicados a funcionamento son escasos e están moi xustos para rematar o ano así que se ve necesario facer a solicitude dun cambio de partidas entre funcionamento e promoción e divulgación. As modificacións están recollidas no cadro seguinte. Unha vez votada a proposta apróbese por unanimidade.

	Orzamento aprobado 2013	PROPOSTA ORZAMENTO	CAMBIOS
Medida 431 A Funcionamento	64.213,10 €	76.566,37 €	+ 12.353,27 €
Medida 431 B Promoción	16.053,27 €	3.700,00 €	- 12.353,27 €

b) Cambio de orzamento nas actividades de promoción (proxecto L11-43100-15-B003).

A xerente introduce aos asistentes nas actividades de promoción do expediente L11-43100-15-B003, dentro das que se planifica introducir cambios que se expoñen aos membros da xunta. O primeiro cambio é unha modificación na temática da Conferencia sobre CIRCUÍTOS CURTOS DE COMERCIALIZACIÓN por unhas Xornadas Rurais Galegas. Un cambio a unha temática máis ampla e que abranguerá unhas xornadas de dous días, que se celebrarán os días 6 e 7 de abril de 2013. A xerente apunta que proximamente se informará aos socios de todo o que se refire a estas xornadas.

Tamén se contemplan pequenos cambios orzamentarios nas partidas adicados aos outros conceptos deste orzamento. Recollémolo a continuación detallado. Realízase a votación e se aproba por unanimidade.

Circuitos Cortos de Comercialización → Xornada Rural Galega			
Concepto	Orzamento pendente	Orzamento proposto	
REPORTAXE "AIRES PRO FUTURO" (gravación, montaxe e 500 DVD)	1.686,05€	1500€	REPORTAXE "AIRES PRO FUTURO" (gravación, montaxe e 500 DVD)
Conferencia CIRCUITOS CORTOS (custes de conferenciante)	1.418,53€	2125,85€	Organización da xornada
Dietas da conferencia	500,00€	600€	Dietas conferenciantes
CUSTES XERAIS (TLF, luz, reprografía, ...)	2.421,27€	1800€	Luz, tlf, material didáctico
	6.025,85€	6.025,85€	

Tamén se propón a organización no mes de outubro dunhas Xornadas sobre Explotacións Gandeiras, co fin de visualizar as alternativas de futuro, segundo expón a xerente. Queda aprobado por unanimidade a súa celebración.

Título:	Xornadas Explotacións Gandeiras.
Nº expediente:	L13-431B-15-B005
Promotora:	AVINZA GDR 15
Resumo:	<p>No mes de abril imos celebrar no territorio as Xornadas Rurais Galegas, para analizar de xeito integral a problemática do despoboamento do medio rural e as alternativas de futuro.</p> <p>No mes de outubro propomos facer unha análise da situación das explotacións gandeiras, co fin de visualizar as alternativas de futuro. Entendendo que o traballo agrario é clave no mantemento dun medio rural vivo.</p>

Orzamento aceptado	1.200 €
% Axuda	100 %
Importe da axuda	1200 €

c) Aprobación, se procede, de novos proxectos.

Os membros da xunta teñen na documentación os novos proxectos presentados e que teñen que valorarse para a súa aprobación, se corresponde. Yolanda Quintas Salgado membro da Xunta Directiva e socia de Decoración Carlos Cid SL auséntase desta votación.

O resto dos membros da asemblea aproban por unanimidade este proxecto.

Título:	Modernización do proceso produtivo do lacado de mobles
Nº expediente:	L11-41300-15-0042
Promotora:	Decoración Carlos Cid SL
Resumo:	O proxecto modernización e ampliación da empresa de lacados, trasladando parte do proceso produtivo a unha nave en desuso. O proxecto consiste na adecuación da nave á normativa actual e (electricidade, ventilación, ...) así como a compra dunha cabina de pintura que se adapte ás necesidades actuais.
Orzamento aceptado	53.873,12 €
% Axuda	34,2%
Importe da axuda	18.424,61
Concello	Xunqueira de Ambía

Regresa á sala Yolanda Quintas Salgado. Exponse o seguinte proxecto, que tamén se aproba por unanimidade.

Título:	Transformación e Distribución de produtos da horta
Nº expediente:	L11-41100-15-0037
Promotora:	S. A. T. PROCEVISA
Resumo:	O proxecto consiste na posta en marcha dunha Sociedade Agraria de Transformación, para produción de dunha variedade importante de produtos da horta, (cebola, repolo, porro, nabiza, cenoria, leituga,...) e a transformación dos mesmos. O investimento importante do proxecto está na nave de transformación e envasado dos produtos, ao mesmo tempo preséntase un pequeno invernadoiro pensado para a reprodución de planta e almacenamento até que os socios

procedan á plantación da mesma.

Orzamento aceptado	391.807,13
% Axuda	43,8%
Importe da axuda	171.611,52
Concello	Vilar de Santos

A continuación coméntase a ficha do proxecto Laboratorio Dental, que finalmente é aprobado por unanimidade.

Título:	Laboratorio Dental
Nº expediente:	L12-41300-15-0048
Promotora:	Javier Pimienta Rodríguez
Resumo:	Posta en marcha dun laboratorio dental, empresa na que se confeccionarán próteses dentais para fornecer a clínicas
Orzamento aceptado	28.638,06 €
% Axuda	22,8%
Importe da axuda	6.529,48 €
Concello	Allariz

O último proxecto sometido a votación é o seguinte, que tamén se aproba por unanimidade.

Título:	Creación de empresa de servizos de calzado e obxectos de coiro e pel en Allariz
Nº expediente:	L12-41300-15-0049
Promotora:	Camilo Rodríguez Vide
Resumo:	Creación de empresa de servizos de calzado e obxectos de coiro e pel en Allariz
Orzamento aceptado	20.883,44
% Axuda	22,8%
Importe da axuda	4.761,42 €

Concello Allariz

- d) Aprobación, modificación orzamentaria do proxecto L11-41300-15-0035 Centro de estudos (Allariz).

No seguinte proxecto Eva González aclara que, ademais de someter a votación o proxecto o que se propón é tamén un cambio de orzamento solicitado polo promotor. Este, que nun principio presentara un orzamento de 11.687,47 reduciuno agora a 4.611,20. Apróbase o cambio orzamentario e máis o proxecto.

Título:	Centro de formación TEOREMA	
Nº expediente:	L11-41300-15-0035	
Promotora:	Cristina Barca Arias	
Resumo:	O proxecto inclúe un pequeno investimento en obra civil e o abastecemento de equipamento e mobiliario para a posta en marcha da actividade.	
	Orzamento inicial 2011 (verificado por AGADER)	Modificación orzamentaria (12/03/2014)
Orzamento aceptado	11.687,47	4.611,20
% Axuda	30.6	30,6%
Importe da axuda	3.576,37 €	1.411,03 €
Concello	Allariz	Allariz

3. PROXECTOS COOPERACIÓN

- a) Jóvenes Rurales. Campamento en Finlandia para dous mozos do territorio.

A xerente explica que Avinza está a participar no proxecto de cooperación Jóvenes Rurales e que, dentro dese proxecto, hai organizado unha viaxe a Finlandia de intercambio de mozos. Avinza conta con dúas prazas para esta viaxe, Eva González expón que, ao ser tan poucas prazas, o procedemento de selección se fará por expediente de 1º de bacharelato e unha praza por cada un dos institutos que hai no territorio. O presidente indica tamén que son difíciles outros métodos sendo só dúas prazas. Tamén indica a xerente que Mónica Caneda Fuentes acompañará aos asistentes galegos como representante dos grupos que participan. Apróbase a súa asistencia e tamén o método de selección.

- b) Geopueblos. Plataforma web e móbil de xeolocalización de iniciativas, turismo e patrimonio de AVINZA GDR 15.

Eva González recorda aos asistentes que o grupo participa tamén nun proxecto de xeolocalización e que se admiten suxestións e melloras na páxina web e aplicación móbil do proxecto. Suxire un dos asistentes recoller os albergues de peregrinos.

4. Rogos e preguntas.

Neste momento a xerente explica un problema que se ten presentado cun proxecto que presentou un promotor de Paderne de Allariz. Un xestor leva o proxecto e este non contesta ás chamadas da xerente nin responde ás súas mensaxes sobre o nivel de certificación que terá en 2013 o citado proxecto. Ao non acadar resposta polas vías normais enviúselle unha carta certificada esixindo unha resposta e dándolle un prazo para poñerse en contacto coa asociación. Eva González expón que unha vez pasado ese prazo sen resposta a Xunta Directiva terá que tomar unha decisión. Recorda aos asistentes que o orzamentado para ese proxecto, en caso de que non renuncie e non se chegue a executar perderíase.

O alcalde de Paderne intervén para dicir que el mesmo se porá en contacto co promotor para solicitarlle unha resposta. José Manuel Fenández indica que cree que o promotor está a facer xestións para poder levar a cabo o proxecto. O presidente indica que o grupo o que quere é que o proxecto vaia para diante e que esperarán á resposta do promotor.

Intervén o alcalde de Vilar de Santos, Xan Jardón Pedras para indicar que é necesario que os promotores manifesten e adianten os seus plans de execución e certificación para liberar os fondos que non vaian ser empregados. Tamén pregunta se se ten algunha información sobre a seguinte anualidade, xa que hai rumores de que se van desbloquear máis fondos.

A xerente contesta que non teñen ningunha confirmación, que existen rumores efectivamente pero non dispón de máis información.

Eva González recorda aos asistentes de que no prazo aproximado de mes e medio haberá que convocar unha nova xunta e pensar entón na data para unha nova Asemblea Xeral Anual.

Remata a xunta cando son as 17:45h.

Francisco García Suárez
Presidente

Xabier Rodríguez Oviedo
Secretario